DEPORTES
Pazo provincial · Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es · www.depo.gal

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 11/03/2024 12:20

RESOLUCION PRESIDENCIAL

Expediente	2024009991
Asunto	Subvención nominativa á Federación Galega de Baloncesto para as Escolas deportivas provinciais de Baloncesto
Trámite	Aprobación e compromiso de gasto da subvención nominativa á Federación Galega de Baloncesto.

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 22 de decembro de 2023 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da deputación para o exercicio de 2024, na que se inclúe a subvención nominativa a Federación Galega de Baloncesto por importe de 15.000,00€ para o desenvolvemento das escolas deportivas provinciais.
- A Federación Galega de Baloncesto (V15115306) presenta por rexistro WEB2024009342 con data 16/02/2024, a solicitude de subvención prevista nominativamente nos orzamentos da Deputación de Pontevedra, para o desenvolvemento das escolas deportivas provinciais por importe de 15.000,00€.
- En data 28/02/2024 o servizo de Deportes emite informe no que se acredita que o expediente de petición da subvención reúne os requisitos establecidos no artigo 14 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- En data 08/03/2024 a intervención informa favorablemente a tramitación do expediente.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS E TÉCNICAS.

- Considerando o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a Lei 9/2013, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LGS) e a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, OXSDEPPO, sobre os procedementos de concesión directa de subvencións.

Firmado por: ANTONIO SANTOS GUERRA - ***3005**
Cargo: Xefe do servizo de Cultura
Data: 11/03/2024 11:22

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 11/03/2024 12:22
Número Resolución RP2024002020

Deputación Pontevedra

DEPORTES
Pazo provincial • Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es • www.depo.gal

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 11/03/2024 12:20

RESOLVO:

Aprobar a subvención prevista nominativamente nos orzamentos da Deputación de Pontevedra á Federación Galega de Baloncesto e comprometer o gasto de 15.000,00€, para o desenvolvemento das escolas deportivas de Baloncesto que se realizarán acorde ó especificado na memoria achegada, con cargo a aplicación orzamentaria 24/340.3410.489.02 e número de RC 202400054873, que se achegará á Federación de Baloncesto mediante transferencia bancaria á conta indicada polo beneficiario. Como se establece na ODXS da Deputación de Pontevedra o poderanse facer pagos anticipados debidamente xustificados.

Esta Resolución terá o carácter de norma reguladora, establecendo os seguintes termos:

- **Finalidade da subvención:** Fomento e promoción do deporte en idade escolar – Escola Deportiva de Baloncesto.
- **Entidade beneficiaria da subvención:** Federación Galega de Baloncesto. (V15115306)
- **Importe da subvención:** 15.000,00€.
- **Procedemento de concesión:** Concesión directa con consignación nominativa.
- **Prazo de realización ou execución:** Ata o 31/12/2024.
- **Anticipo:** a entidade beneficiaria poderá solicitar pagos anticipados para levar a cabo a posta en marcha e a execución das escolas deportivas, ditos pagos serán da parte proporcional aos meses de execución da actividade (Xaneiro a Maio, e Outubro a Decembro) da subvención concedida, para poder realizar a solicitude do segundo anticipo, o primeiro ten que estar correctamente xustificado, nos termos establecidos na lei 38/2003 de subvencións e na ODXS da Deputación de Pontevedra.
- **Xustificación:** a entidade beneficiaria da subvención deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, de acordo coa memoria e o orzamento presentado coa solicitude cos seguintes CSV:

    - Memoria: SZ4R987UIAFSLWR9
    - Orzamento: S5PJNWSSLAJoREB2

  O prazo para **xustificar é ata o 28 de Febreiro 2025** deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en https://sede.depo.gal.

Firmado por: ANTONIO SANTOS GUERRA - ***3005**
Cargo: Xefe do servizo de Cultura
Data: 11/03/2024 11:22

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 11/03/2024 12:22
Número Resolución RP2024002020

Deputación Pontevedra

DEPORTES
Pazo provincial • Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
deportes@depo.es • www.depo.gal

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 11/03/2024 12:20

Para a xustificación as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- Xustificación dos gastos:
  - Anexo II- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada de acordo ó orzamento presentado coa solicitude.
  - Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos debidamente conformadas.
- Xustificación do cumprimento da finalidade da subvención concedida:
  - Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade.

O beneficiario, de acordo co establecido no art. 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXSDEPPO) publicada no BOPPO núm. 249 de 30/12/2016, estará suxeito ó control financeiro que se poida exercitar, no prazo de catro anos a contar desde o pago da subvención, indicándolle que no caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).

Para o non disposto neste acordo contemplarase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Firmado por: ANTONIO SANTOS GUERRA - ***3005**
Cargo: Xefe do servizo de Cultura
Data: 11/03/2024 11:22

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 11/03/2024 12:22
Número Resolución RP2024002020

Asinado dixitalmente ao marxe.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá vostede interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):2YR3RDSUC249QRZ8